

PROTOCOLO COVID.19 PROBAS SETEMBRO

As probas extraordinarias da convocatoria de setembro 2020 realizaranse o vindeiro martes 1, mércores 2 e xoves 3 de setembro. Na páxina web do Centro atópase a data e a hora das diferentes materias.



O profesorado de garda acompañará ao alumnado desde a porta principal á aula correspondente.

Ante a situación sanitaria creada pola pandemia da COVID-19, as probas extraordinarias de setembro realizaranse seguindo os seguintes criterios sanitarios:

O alumnado non poderá acceder á proba se:

- Presenta síntomas compatibles coa COVID-19.
- Diagnosticáronlle a enfermidade e non finalizou o período de illamento.
- Está en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada coa COVID-19.

En todo momento:

- Todas as persoas que accedan ao Centro deberán levar obrigatoriamente a máscara posta.
- Haberá que manter sempre a distancia de seguridade interpersoal.
-  O alumnado, baixo a supervisión do profesorado de garda, desinfectarase as mans co hidroxel que atopará na porta de acceso ao Centro.
-  O alumnado, baixo a supervisión do profesorado de garda, desinfectarase as mans co hidroxel que atopará na porta de acceso á aula.
- No servizo haberá que respectar o aforo máximo que é de 3 alumnos/as. Á saída haberá que lavar as mans con xabón.

Antes da proba:

- O espazo utilizado será desinfectado polo persoal de limpeza ao rematar cada proba.
- O profesorado de garda coidará de que o acceso ao Centro e ás aulas se faga de xeito ordenado, evitando aglomeracións e a formación de grupos. Haberá ademais que gardar a distancia interpersoal adecuada.
- O alumnado irá directamente á aula asignada, minimizando a circulación polos corredores do Centro. Non se pode permanecer nos corredores e zonas comúns.
- Unha vez dentro da aula, o profesorado encargado de facer a proba, asignará unha cadeira e unha mesa a cada alumno/a.
- O alumnado manterase no lugar asignado e non poderá cambiar de sitio.

Durante a proba:

- Baixo ningunha circunstancia poderase compartir ningún material escolar.
- É recomendable traer a súa propia garrafa de auga.
- Cando termine o exame, o alumnado levantará a man e permanecerá no seu posto para que o profesorado recolla a proba realizada.
- Non se poderá abandonar a aula ata que o profesorado responsable o autorice.

Despois da proba:

- Non se poderá permanecer nos corredores, nin nos vestíbulos, nin nas aulas, nin nas zonas comúns.
- Se deberá saír ao patio, como área de espera, no caso de ter que realizar outra proba posteriormente.
- No caso de terminar todos os exames abandonarase o centro.